



PLAN OPERATIVO ANUAL

2015

I INTRODUCCIÓN

O Claustro da Universidade da Coruña aprobou as Liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria 2014-2015 o 4 de decembro de 2013. Os contidos do antedito documento estrutúranse nos seguintes apartados: contexto orzamentario; estimación dos ingresos e gastos correspondentes ás principais partidas; plan xeral de investimentos e previsións sobre a evolución dos efectivos de PDI e PAS.

O Plan operativo anual 2015, a partir dunha información máis concreta sobre o financiamento da Xunta de Galicia e a situación económica da UDC, desenvolve o anterior documento e acompaña o orzamento, fundamentando as actuacións nel programadas.

O documento consta de tres seccións. A primeira concreta as previsións orzamentarias contidas para o exercicio nas liñas xerais da programación plurianual 2011-2013; a segunda, a dotación económica de actuacións relevantes para a consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos no Plan; a terceira presenta accións que, co orzamento dispoñible, van ser acometidas no exercicio na procura de avanzar na consecución dos diferentes obxectivos estratéxicos definidos no Plan estratéxico UDC 2013-2020.

ACTUALIZACIÓN DAS PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS CONTIDAS NAS LIÑAS XERAIS DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL E ORZAMENTARIA 2014-2015

As Liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria 2014-2015 incluían unhas previsións respecto das principais partidas de ingresos e gastos que totalizaban unha baixada significativa do orzamento:

- Ingresos
 - As transferencias da Xunta de Galicia aumentarían lixeiramente sobre a previsión de liquidación de ingresos do plan de financiamento para o exercicio 2013, aínda que sufrirían unha diminución sobre o orzado para ese exercicio, que non tivera en conta aínda a diminución de salarios dos traballadores públicos.
 - Os ingresos reais de matrícula deixarían de verse afectados pola adaptación das titulacións ao EEES.
 - Uso de todos os fondos propios dispoñibles para equilibrar o orzamento.
 - O contexto económico facía prever a continuación da caída nos fondos finalistas captados para I+D+i que comezou en 2010.

- Gastos
 - A previsión de mantemento do número efectivos traduciríase nunha conxelación da masa salarial.
 - No gasto corrente en bens e servizos, aspirábase a axustes que poderían acadar no bienio o 4%.
 - Os gastos de investimento deben seguir a baixar, aínda que non dun xeito tan pronunciado como o fixeron os últimos anos.
 - Nos investimentos en biblioteca as reducións necesarias durante o bienio deberían afectar en menor medida aos fondos centralizados.
 - As axudas para estudantes seguirían a ter unha evolución mellor que a do conxunto do orzamento.

Unha vez que se concretaron as achegas públicas previstas para a UDC e elaborada a proposta de orzamento, cómpre salientar as seguintes matizacións das previsións sinaladas:

- Orzamento global: o importe global do orzamento sitúase en 116,2 millóns de euros, algo por debaixo do previsto.
- Ingresos
 - A estimación do financiamento achegado pola Xunta de Galicia á UDC está previsto que sexa de 90 millóns, lixeiramente por debaixo do previsto nas Liñas xerais do plan plurianual.

A previsión de ingresos detállase nesta táboa:

	2015 SUG	Previsión 2015 UDC	
Financiamento estrutural	<i>Fondo financiamento custos estruturais</i>	253 739 389	67 271 387 ^(*)
	<i>Fondo financiamento investimentos reparación e mellora</i>	5 048 502	1 448 439
	<i>Mantemento consellos sociais</i>	600 000	200 000
	<i>Financiamento INEF-Galicia</i>	2 842 170	2 842 170
	<i>Financiamento de prazas vinculadas SERGAS</i>	6 324 539	950 000
	<i>Subvención por compensación custos inducidos</i>	1 098 020	315 022
Subvención por resultados	37 154 175	11 398 529,35	
Financiamento por mellora da calidade	18 000 000	5 200 000	

Os cálculos fixéronse coas seguintes previsións:

- O fondo de financiamento de custos estruturais repártese en 2015 nun 80% por criterios históricos e o resto por indicadores. A porcentaxe correspondente á UDC para a parte variable subiu de xeito significativo nos exercicios de aplicación do PFSUG. Prevedemos, por prudencia orzamentaria, que esta subida non continúa, senón que se mantén a porcentaxe de 2014.
- Ata 2012 a repartición do fondo por resultados rexíase exclusivamente por criterios históricos. O cálculo da repartición en función dos indicadores dos contratos programa asinados polas universidades do SUG fixo subir arredor de 3 puntos porcentuais a porcentaxe correspondente á UDC en 2013 e 2014. A porcentaxe para 2015 asociada á evolución destes indicadores sobe ata o 70%, polo que se espera outro pequeno incremento, a falta de datos concretos sobre a repartición.
- A repartición do fondo de mellora da calidade presenta máis incertezas polo cambio de criterio adoptado neste exercicio pola Consellería de Facenda. Na data de elaboración deste documento aínda non está clara a repartición para o exercicio 2014, nin se se van manter os criterios de repartición. Estimase un mantemento fronte á previsión do exercicio anterior.
 - o Incrementábase o ingreso do fondo de investimentos en custos estruturais coa parte proporcional aos días devindicados da paga extra 2012 ao entrar en vigor o Real decreto-lei 20/2012.
 - o A previsión de ingresos de matrícula baixa con respecto á feita no Plan plurianual 2014-2015. Estímase, coma no anterior exercicio, a contabilización prevista dos ingresos de matrícula financiados coa acción social.
 - o A importante resolución de convocatorias de axudas nas últimas datas amosa un importante crecemento dos fondos finalistas para I+D+i que aparecen no orzamento. Como consecuencia tamén aumentan significativamente os ingresos por custos indirectos.
 - o Continúan boa parte dos ingresos procedentes de empresas privadas e institucións públicas para o financiamento de diferentes actividades. Inditex achega 100.000 para mobilidades. E o Banco de Santander

continúa a financiar diferentes axudas e actividades por un importe de 650.000€.

- Gastos
 - O gasto previsto de capítulo I aumenta ata o máximo de masa salarial, na parte correspondente ao salarios do exercicio. Incrementase o capítulo I, ademais, na parte correspondente aos días devindicados da paga extra 2012 ao entrar en vigor o Real decreto-lei 20/2012.
 - O axuste en gasto corrente en bens e servizos previsto para 2015 é do 4,8%, máis severo do previsto.
 - A baixada dos investimento con fondos propios coincide coas previsións: baixada máis moderada de investimento en infraestrutura e reestruturación e significativa minoración do investimento en fondos bibliográficos. Aínda que neste último punto, o orzamento para 2015 axusta fundamentalmente en fondos centralizados, no global do bienio a previsión do plan plurianual de afectar de xeito máis significativo a descentralizados estase a cumprir.
 - Ademais, complementáanse unha provisión de fondos para o cofinanciamento do proxecto A-TEMPO, estratéxico para a UDC.



DOTACIÓN ECONÓMICA DOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

De seguido trátase a revisión da dotación económica dos proxectos recollidos no Plan estratéxico. Darase conta dalgunhas dotacións importantes para cada obxectivo. Por suposto, outros créditos contribúen de xeito indirecto ou transversal na consecución dos obxectivos.

DOCENCIA E APRENDIZAXE

Obxectivo estratéxico 1: unha aprendizaxe de calidade no ámbito do espazo europeo de educación superior

- A partida descentralizada asociada á docencia práctica non sofre axuste. O importe total é de case 250.000 €.
- A aposta pola formación inicial e pola actualización do persoal docente continúa a mostrarse no orzamento, cunha dotación para o CUFIE de 72.000 euros.
- As accións de mellora e certificación e os investimentos da UTC supoñen un total de 51.000€, que son complementados con investimentos relacionados por 27.000 €.
- Os gastos da recentemente estreada Residencia Universitaria de Ferrol están incluídos nas correspondentes partidas centralizadas.
- As necesidades de xestión académica asociada ás novas esixencias dos títulos fan necesario un incremento na dotación para desenvolvemento do programa Xescampus, conxunto para o SUG, que xa supera os 190.000 €.
- A partida de investimentos para o apoio á xestión está dotada con 51.000 €.
- As axudas a estudantes supoñen un total de 2,2 millóns de euros, ademais de incrementar a aplicación de equipamento ata case 350.000 € polas posibles necesidades dunha residencia universitaria, se se acorda con outras administracións a súa localización. En todo o crédito de infraestrutura do capítulo 6, as necesidades, aínda non cuantificadas, dunha posible solución para residencia, serán prioridade absoluta.

Obxectivo estratéxico 2: unha atención especial á empregabilidade e ao emprendemento dos egresados

- Os case 11.000 € cos que a UDC posibilita o funcionamento do Observatorio Ocupacional son complementados por importantes subvencións e contratacións por parte de diferentes entidades públicas e privadas.
- Os 200.000 euros de que dispón o Consello Social posibilitan, entre outras, as actividades relacionadas con este obxectivo.
- Coa partida de Cursos e Conferencias da Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías seguen a atenderse necesidades singulares de prácticas docentes externas (70.000 euros).
- A partida de investimentos para o apoio á xestión está dotada con 51.000 €.

Obxectivo estratéxico 3: unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno

- Os 41.000 € de información e divulgación de que dispón a Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura posibilitan políticas de captación de alumnado tanto para as titulacións de grao como de mestrado.
- Continúan as políticas de captación de alumnado de expedientes destacados en bacharelato, cunha dotación de 29.000 € para os premios á excelencia.
- Os premios á excelencia no grao están dotados con 55.000 euros.
- As axudas a estudantes supoñen un total de 2,2 millóns de euros.
- O crédito incrementado para equipamento responde ás necesidades deste tipo no suposto de acordo con outras administracións sobre o uso de infraestrutura existente como residencia universitaria. En todo o crédito de infraestrutura do capítulo 6, as necesidades, aínda non cuantificadas, dunha posible solución para residencia, serán prioridade absoluta.
- A dotación sinalada anteriormente para a Unidade Técnica de Calidade contribúe tamén a este obxectivo.

INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

Obxectivo estratéxico 1: unha produción científica de calidade

- Establécese unha partida para a Escola Internacional de Doutoramento cunha dotación inicial de 15.000 €
- O financiamento plurianual a grupos, unidades e investigadores individuais será por un total de 840.000 € .
- As subscricións a publicacións periódicas supoñen arredor de 1.300.000 €, en parte xestionadas desde BUGALICIA.
- Un ano máis o programa INDITEX-UDC de estadias predoutorais no estranxeiro está orzado con 100.000€.
- Con persoal propio asumiranse melloras informáticas para a xestión da investigación e a transferencia.
- Na normativa pola que se establece a dedicación docente do PDI que se acaba de aprobar, existen importantes reducións de docencia por actividades investigadoras que supoñen un custo importante no capítulo I.

Obxectivo estratéxico 2: incrementar a colaboración coas empresas do contorno e fomentar a transferencia de coñecemento

- A OTRI continuará contando con asesoramento técnico para cuestións relacionadas con proxectos europeos, gasto a que fará fronte cos 84.000 € que ten orzados no capítulo II.
- A convocatoria de axudas a investigadores, dotada con 130.000 euros, axudará a financiar patentes, gastos destinados á consecución de proxectos H2020...
- O fondo de 55.000 € para completar o financiamento do proxecto ATEMPO, con cofinanciamento FEDER do Ministerio de Economía e Competitividade. Este proxecto desenvolve, en colaboración coas empresas do sector, produtos innovadores no ámbito naval.

Obxectivo estratéxico 3: internacionalizar a investigación e a transferencia

- O programa INDITEX-UDC de estadias predoutorais no estranxeiro está orzado con 100.000 €.
- As bolsas propias da Comisión de Investigación, dotadas con 70.000 euros, financian tamén estadias de investigación para profesores.
- Os programas de investigación financian entre outros o fomento da cooperación científica.

RESPONSABILIDADE SOCIAL

Obxectivo estratéxico 1: unha universidade que impulsa o cambio social

- O Servizo de Normalización Lingüística continuará dando apoio á comunidade para o uso da lingua, para o que ten asignado un orzamento de máis de 35.000 €
- As accións de intervención cultural dispoñen de 40.000 €.
- As actividades deportivas da UDC están, en boa parte, autofinanciadas. Por iso é posible un severo recorte no apoio a estas actividades sen influír na calidade do servizo.
- As actividades culturais promovidas pola VEDC continúan contribuindo a cubrir ocos importantes que outras institucións non cobren. Aínda que sufriron un importante axuste as actividades de intervención cultural superan os 20.000 €.
- A Oficina de Medio Ambiente está a desenvolver actividades cun orzamento de 25.000 €.
- Desde a UDC seguen a desenvolverse actividades e programas de voluntariado social, que se centralizan e xestionan desde a Oficina de Coperación e Voluntariado. A dotación total para a OCV é de 40.000 €.
- Dótanse axudas para a cooperación e o desenvolvemento por valor total de 32.000 €.

Obxectivo estratéxico 2: igualdade de oportunidades e fomento dunha cultura de non discriminación

- O mantemento da residencia de Ferrol con prezos públicos módicos está a contribuír ao acceso á universidade en igualdade de oportunidades. O éxito da negociación da apertura dun servizo de similares características na Coruña permitiría consolidar esta política neste campus.
- Dótase de 15.000 euros o fondo social para os estudantes.
- A Oficina de Igualdade de Xénero será dotada cun novo espazo máis adaptado ás súas necesidades e disporá de máis de 13.000 € para continuar as políticas que promovan a igualdade.
- As accións de financiamento de garderías para o persoal con cargo á acción social, e complementada cun apoio análogo para o estudantado (15.000 €).
- A atención á diversidade continúa a ser unha prioridade importante para a UDC: mantéñense as partidas de ADI e priorízanse os investimentos en accesibilidade segundo as necesidades xurdidas.

Obxectivo estratéxico 3: unha universidade responsable do seu impacto ambiental

- A Oficina de Medio Ambiente dispón dun orzamento de 25.000 €
- O Plan enerxético da Universidade está dotado con 30.000 euros.
- Estase a negociar co Concello o uso dos remanentes do asfaltado do campus en mellora enerxética da iluminación exterior

INTERNACIONALIZACIÓN

Obxectivo estratéxico 1: unhas titulacións e un ambiente universitario internacionais

- Dótanse con case 75.000 € as axudas para mobilidades da convocatoria propia para alumnos iberoamericanos.
- A Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación continúa a promover cunha convocatoria a mobilidade do profesorado, co gallo de establecer conexións que permitan deseñar titulacións duplas ou conxuntas.

- A Oficina de Relacións Internacionais xestiona case 900.000 €.
- As mobilidade bilaterais crecen ata un orzamento de 69.000 €.
- A acción de internacionalización da UDC ten orzamento idéntico ao do exercicio anterior.
- A organización da mobilidade dispón de 50.000 euros.

Obxectivo estratéxico 2: unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais

- Xestionáranse arredor de 54.000 € en prácticas Erasmus.
- As axudas complementarias das prácticas Erasmus, que se engaden aos 53.000 euros da convocatoria, están dotadas con 8.000 euros.
- O programa EM TEMPO financia 15 mobilidades de estudantes.
- A participación no Programa NILS ten un orzamento para este exercicio de case 30.000 euros.

Obxectivo estratéxico 3: mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria

- A UDC continúa a traballar e cofinanciar os programas de mobilidade do persoal STT/STA, que dispoñen dun orzamento global de 47.000 €.
- O Centro de Linguas cos ingresos que xestiona ten asegurado o seu funcionamento e a oferta actual.
- As bolsas para mellora de competencias en idiomas están dotadas con 20.000 euros.

FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

Obxectivo estratéxico 1: unha captación de recursos proactiva e uns ingresos diversificados

- Para permitir que o Consello Social poida afrontar os retos establecidos no plan estratéxico, a UDC facilítalle persoal do capítulo I. Ten ademais á súa disposición un orzamento de 200.000 €.

- As accións de mellora e certificación e os investimentos da UTC supoñen un total de 51.000 €.

Obxectivo estratéxico 2: unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos

- As fortes restricións orzamentarias obrigaron nos últimos exercicios a adiar algunhas accións previstas para o Plan enerxético da UDC. Aínda así a dotación para estes proxectos é de 30.000 €, pois os investimentos en eficiencia terán prioridade no orzamento en infraestruturas, tras os investimentos en accesibilidade e a residencia universitaria.
- O desenvolvemento do programa Xescampus órzase en máis de 192.000 €.
- Unha liña importante da formación do PAS, dotada con 80.000 €, estará encamiñada á formación en contabilidade analítica e financeira, contribuíndo deste xeito de modo fiable ás obrigas de transparencia da institución.
- A partida de investimentos para o apoio á xestión está dotada cun total de 51.000 €.

Obxectivo estratéxico 3. Unha comunidade identificada coa institución

- Aínda no contexto actual, a UDC entende que non debe baixar a dotación para formación do persoal da UDC, que ten un orzamento total de 152.000 €.
- O orzamento total para seguridade e saúde supera os 160.000 €.
- Neste exercicio en que a UDC celebra o seu 25 aniversario estimamos extremadamente importante manter a dotación para a Secretaría Xeral en 89.000 € para información e divulgación cos que contribuirá á proxección de UDC cara á sociedade. Serán complementadas estas contías coas achegas de entidades financiadoras do UDC25.

ACCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Nesta sección dáse conta do compromiso do equipo de goberno de realizar diferentes actividades encamiñadas á consecución dos obxectivos. Son actividades que se financiarán coas dotacións anteriormente sinaladas.

Non se pretende facer unha relación exhaustiva de todas as actividades que se van realizar, senón sinalar algunhas pola súa relevancia ou por ser unha actividade nova deseñada para a consecución do obxectivo.

As actividades están clasificadas por obxectivos estratéxicos.

DOCENCIA E APRENDIZAXE

Obxectivo estratéxico 1: unha aprendizaxe de calidade no ámbito do espazo europeo de educación superior

1.1 Profundar na integración das titulacións no EEES.

1.2 Continuar a aposta por establecer contornos de aprendizaxe máis interactivos e estimulantes.

1.3 Afondar no uso das novas ferramentas tecnolóxicas para a docencia non presencial e en liña.

1.4 Facilitar a adecuación da organización académica ás novas metodoloxías e á innovación docente.

1.5 Desenvolver e mellorar os mecanismos de coordinación internos en cada titulación.

1.6 Mellorar a formación continua e a renovación e innovación docente do profesorado.

- Seguimento anual do 100% dos títulos da UDC e establecemento de plans de mellora, con especial atención aos títulos de grao de baixa demanda.
- Proceso de renovación regulamentaria, que comeza este ano, e voluntaria da acreditación dos títulos de grao e mestrado de catro centros.
- Certificación do SGIC de dous centros máis.
- Dotación das ferramentas virtuais destinadas a desenvolver unha rede de Calidade Docente.
- Convocatoria dun programa de recoñecemento da innovación docente.
- Implantación e desenvolvemento de espazo de traballo colaborativo para a súa utilización por PDI e estudantes da UDC, dun sistema de titorización por videoconferencias IP .
- Mellora dos equipos que permitan a docencia a distancia: implantación de equipamento de videoconferencia que permitan a participación simultánea de tres ou máis puntos de conexión e instalación en todos os centros docentes da UDC de equipos que posibiliten o establecemento de docencia interuniversitaria e non presencial.
- Desenvolvemento e implantación de sistemas de gravación automática de docencia presencial e a súa incorporación ao repositorio audiovisual da UDC para a súa utilización en docencia semipresencial e en liña. Implantación de equipos automáticos de gravación de docencia presencial en catro centros da UDC.
- Implantación de plataformas de xestión de titorías e implantación dun sistema de xestión e elaboración dos horarios docentes personalizados do profesorado.
- Elaboración de memorias para a harmonización dos criterios de desenvolvemento de estudos.
- Posta en marcha dun Plan de formación das novas tecnoloxías aplicadas a docencias e un Plan de formación para a utilización de novas metodoloxías de avaliación dos resultados de aprendizaxe.

Obxectivo estratéxico 2: unha atención especial á empregabilidade e ao emprendemento dos egresados

2.1 Impulsar e facilitar a realización de prácticas de calidade en empresas e institucións

2.2 Impulsar o desenvolvemento de competencias que melloran a empregabilidade dos estudantes

2.3 Fomentar o emprendemento dos estudantes

- Elaboración de materiais destinados ao ámbito empresarial para publicitar os títulos e as súas competencias.
- Implementación dunha aplicación destinada á xestión das prácticas externas.
- Seguimento e aumento do número de prácticas externas ofertadas desde as unidades propias da UDC.
- Aumento da difusión das oportunidades de prácticas e emprego desde as redes sociais.
- Realización dunha xornada de sensibilización sobre empregabilidade destinada ao profesorado.
- Actividades formativas con medios propios o en colaboración con outras entidades (cooperativismo, emprendemento, empregabilidade, internacionalización da empregabilidade).
- Coordinación por parte do Observatorio Universitario de Emprego da UDC do CRAI (Centro de Recollida e Análise da Información) das universidades do Noroeste no proxecto da CRUE- Cátedra UNESCO - La Caixa)
- Premio ao emprendemento e a Innovación destinado ao estudiantado egresado.
- Formación do estudiantado en emprendemento nas IEBT.

Obxectivo estratéxico 3: unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno

3.1 Avanzar no axuste das titulacións de grao e posgrao ás necesidades sociais do noso contorno e ás demandas dos estudantes.

3.2 Definir políticas proactivas de captación de estudantes.

3.3 Impulsar a formación ao longo de toda a vida e afondar na oferta de formación interdisciplinar.

3.4 Mellorar a comunicación e a coordinación co ensino medio e o ensino superior non universitario.

- Desenvolver a política de difusión da información dos títulos mediante a consolidación das actividades existentes.
- Completar os materiais de información para a difusión con soportes actuais adaptados ao estudantado de Ensino Medio.
- Apoiar e potenciar as xornadas de portas abertas das Facultades e Escolas.
- Celebrar en colaboración con entidades públicas ou privadas actividades de divulgación científica e cultural relacionadas con todas as ramas de coñecemento destinadas ao público en idade escolar, desde a Escola Primaria ata o Ensino Medio.
- Actividades divulgativas en lugares públicos destinadas ao público en xeral.
- Creación desde o SAPE das redes sociais correspondentes á atención ao público, con especial interés aos Centros de Ensino Medio.

INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

Obxectivo estratéxico 1: unha produción científica de calidade

1.1 Garantir a calidade dos estudos de doutoramento.

1.2 Mellorar a captación de investigadores predoutorais e posdoutorais.

1.3 Incidir na cualificación do persoal, en particular a capacidade investigadora, como criterio de selección, valoración e promoción do PDI.

1.4 Acentuar o recoñecemento da actividade investigadora dentro do conxunto de tarefas desenvolvidas polo PDI.

1.5 Fomentar a cooperación interdisciplinar entre grupos.

1.6 Mellorar a coordinación e a axilidade da xestión da investigación, en particular o apoio á xestión de proxectos europeos.

1.7 Aumentar a visibilidade e mellorar os indicadores da actividade real de investigación e transferencia.

1.3 Mellorar a infraestrutura científica.

- Consolidación da Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC). Constitución do Comité Asesor Internacional e posta en marcha das actividades propias da escola.
- Programa de estadias predoutorais internacionais INDITEX-UDC
- Programa de participación no H2020 e noutras convocatorias internacionais
- Programa de apoio á participación de investigadores da UDC en convocatorias do European Research Council (ERC).
- Programa de visitas e encontros de investigadores
- Programa de estadias posdoutorais de investigación
- Remate do acondicionamento para a ocupación do edificio do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA). Instalación dos grupos de investigación adscritos no edificio.
- Execución das obras de ampliación do CITEEC (con dotación orzamentaria de exercicios anteriores).
- Implantación de sistemas de xestión documental que faciliten tanto o traballo nos equipos de investigación como a colaboración entre grupos.

Obxectivo estratéxico 2: incrementar a colaboración coas empresas do contorno e fomentar a transferencia de coñecemento

2.1 Implantar mecanismos estables de recepción e difusión das necesidades das empresas.

2.2 Formar e informar a comunidade universitaria para mellorar a capacidade de transferir resultados de investigación.

2.3 Reforzar e coordinar os servizos de xestión da transferencia.

2.4 Definir axeitadamente e pór en marcha as estruturas xurídicas dos centros do parque tecnolóxico.

2.5 Potenciar a acreditación de ensaios realizados polos Servizos de Apoio á Investigación e incrementar a súa colaboración co tecido produtivo.

- Execución de procedementos de compra pública innovadora no marco dalgún proxecto de investigación.
- Transición cara ás estruturas xurídicas dos centros do parque tecnolóxico.
- Contratación de persoal nos centros tecnolóxicos, os SAI e a OTRI co fin de fomentar a colaboración coas empresas e a transferencia de coñecemento.
- Convocatoria de apoio ás patentes.

Obxectivo estratéxico 3: Internacionalizar a investigación e a transferencia

3.1 Fomentar e apoiar o acceso ao financiamento internacional para investigación.

3.2 Aumentar a concorrencia dos grupos da UDC nas convocatorias competitivas internacionais en consorcios público-privados.

3.3 Impulsar a internacionalización a través da formación de novos investigadores.

- Consolidación da Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC). Constitución do Comité Asesor Internacional e posta en marcha das actividades propias da escola.

- Programa de estadias predoutorais internacionais INDITEX-UDC
- Programa de participación no H2020 e noutras convocatorias internacionais
- Programa de apoio á participación de investigadores da UDC en convocatorias do European Research Council (ERC).
- Programa de visitas e encontros de investigadores
- Programa de estadias posdoutorais de investigación
- Contratación de persoal na OTRI coa fin de apoiar a concorrência aos proxectos internacionais, nomeadamente no H2020.
- Consolidación do Programa de investigadores internacionais da UDC, co gallo de rexistrar e contabilizar os investigadores que fagan estadias nos grupos de investigación da universidade, proporcionándolles apoio na súa estadia.

RESPONSABILIDADE SOCIAL

Obxectivo estratéxico 1: unha universidade que impulsa o cambio social

1.1 Fortalecer a participación da comunidade universitaria na sociedade

1.2 Fomentar a participación de cidadáns e institucións na comunidade universitaria

1.3 Fomentar os hábitos para unha universidade saudable

1.4 Contribuír á normalización da lingua galega

1.5 Promover o desenvolvemento de competencias transversais en todas as titulacións

1.6 Fomentar as políticas de compra socialmente responsable

- Participación en Programas PCC e PCR para dar a coñecer a realidade dos países do Sur mediante proxectos de cooperación internacionais.
- Programa da OCV de Educación para o Desenvolvemento e sensibilización para a comunidade universitaria que trata unha temática social cada mes.

- Programas de colaboración con entidades en materia de voluntariado e acción social.
- Definición e posta en marcha do programa de aloxamento interxeracional en colaboración co Concello da Coruña. Seguimento do programa do Concello de Ferrol.
- Definición e posta en marcha da RGCUD (Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento).
- Participar na rede española de Universidade Saudables.
- Apoiar a elaboración de manuais e materias docentes en galego.
- Apoio do SNL na redacción das guías docentes, deberán redactarse cando menos en galego e castelán e, opcionalmente, en inglés.
- Apoio á capacitación do profesorado e do PAS no uso do galego, mediante cursos de formación.
- Nova edición dunha xornada para a sensibilización da comunidade universitaria ante a diversidade.

Obxectivo estratéxico 2: igualdade de oportunidades e fomento dunha cultura de non discriminación.

2.1 Progresar cara á accesibilidade universal.

2.2 Impulsar a igualdade entre homes e mulleres.

2.3 Establecer políticas de apoio aos estudantes en situación de dificultades económicas.

- Continuar coa difusión da Guía para a compra verde de papel.
- Colaborar co Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica na inclusión de cláusulas de contratación e compra pública verde.
- Manter a política de resposta inmediata, sempre que sexa posible, a necesidades da comunidade en infraestrutura por cuestións de accesibilidade.
- Incorporar accións de reurbanización e reordenación no espazo público dos distintos campus, sempre que sexa posible, co fin de implementar accións de mellora medioambiental.

- Desenvolvemento de actividades na “Aula de Diversidade” coa finalidade de formar no uso das TIC no entorno universitario para favorecer a accesibilidade
- Desenvolvemento de actividades na “Aula de Igualdade” para a prevención e mediación en situacións de acoso sexual e por razón de xénero, así como formación para integral a perspectiva de xénero na docencia.
- Xornadas de sensibilización sobre a igualdade entre homes e mulleres. Coorganización das III Xornadas Universitarias Galegas en Xénero.
- Divulgar o Protocolo para a prevención e protección fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo.
- III convocatoria do “Premio sobre Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero” e do “Certame de Fotografía”.
- Manter para estudantes “Axudas para estudantes con necesidades educativas especiais”.
- III Edición do Curso de Historia da Teoría Feminista.
- Aumentar o banco de recursos para a atención á diversidade.

Obxectivo estratéxico 3: unha universidade responsable do seu impacto ambiental

3.1 Mellorar a xestión e coordinación dos procesos de ambientalización e sustentabilidade

3.2 Implantar procesos de xestión sostible dos residuos

3.3 Impulsar a mobilidade sostible

3.4 Impulsar a eficiencia enerxética, o uso de enerxías renovables e o aforro de auga

- Acadar a certificación Green-Campus (Bandeira Verde) dos 5 centros adheridos en 2014.
- Adhesión ao Green Campus de tres novos centros da UDC.
- Implantar un sistema de xestión de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE) en, polo menos, o 50% dos centros da UDC.

- Implantar a compostaxe dos residuos orgánicos dos comedores universitarios en novos centros de Elviña e Oza, sexa como solución completa ou parcial a este tipo de residuos.
- Estudar os medios de transporte no acceso aos centros da UDC (enquisa de mobilidade e pegada ecolóxica da mobilidade). Divulgar os resultados.
- Adecuar as infraestruturas para a bicicleta no campus de Elviña e noutros e instalar novos aparcamentos para bicicletas.
- Manter o servizo de préstamo de bicicletas.
- Xestionar vías de colaboración coas institucións competentes para potenciar a accesibilidade sustentable aos campus
- Realizar unha campaña dirixida á comunidade universitaria para achegar pautas de comportamento que permitan o aforro enerxético e de recursos naturais.
- Realizar unha auditoría do consumo de electricidade na iluminación nos centros Greencampus. Adopción de solucións aforradoras nestes.
- Realizar unha auditoría do uso de auga sanitaria (lavabos, inodoros etc) nos centros Greencampus. Adoptar nestes mecanismos aforradores de auga nas cisternas.
- Mellorar a eficiencia enerxética da iluminación pública do campus.

INTERNACIONALIZACIÓN

Obxectivo estratéxico 1: unhas titulacións e un ambiente universitario internacionais

1.1 Internacionalizar as titulacións

1.2 Aumentar o número de títulos conxuntos e dobres titulacións internacionais

1.3 Impulsar as actividades de *internationalization at home*

1.4 Elaborar unha oferta de programas de *study abroad*

- Consolidación dos programas de docencia en inglés (ADE, Bioloxía, Química, Arquitectura Técnica, Arquitectura, Dereito, Enxeñería Naval)
- Oferta de novas dobres titulacións internacionais: catro dobres mestrados novos e dous/tres dobres graos para o curso 2015-2016. Áreas: Ciencias, Filoloxía, Socioloxía, ADE, Informática e Arquitectura Técnica.
- Celebración da II Staff week en maio/xuño 2015, en que se darán cita na UDC docentes e persoal das universidades socias
- Lanzamento da II edición da International Summer School, con novas ofertas de cursos para estudantes estranxeiros e da UDC para o verán de 2015. Crearase unha nova web para a ISS.
- Novos programas de visitantes específicos con universidades americanas.
- Participación no programa Summer Courses for Educators and other Education Professionals que organiza a Consellería de Educación en Estados Unidos e Canadá en colaboración con diversas universidades españolas, para a formación de profesores americanos de español.
- Reestruturación orgánica da ORI co obxectivo de enfatizar as accións de promoción internacional da UDC e de establecer programas propios de visitantes e ISS.

Obxectivo estratéxico 2: unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais

2.1 Impulsar a mobilidade internacional de toda a comunidade universitaria

2.2 Fomentar a realización de prácticas laborais no estranxeiro polos alumnos e titulados da UDC

2.3 Aumentar o atractivo da UDC para os estudantes estranxeiros

2.4 Facer máis visibles as oportunidades de internacionalización da comunidade universitaria

2.5 Priorizar a sinatura de novos convenios de mobilidade de acordo con criterios estratéxicos e de calidade

- Convocatoria de mobilidade Erasmus + con consolidación das prazas de mobilidade solicitadas respecto do curso 2014-2015. Aumento lineal das axudas da convocatoria bilateral da UDC (para realizar estadias en países de fóra do marco Erasmus).
- Desenvolvemento do programa de bolsas de Erasmus Prácticas para estudantes da UDC. Dado o exponencial incremento das solicitudes, este ano, o programa conta cun reforzo que se proxecta nun programa propio complementario para esas bolsas para prácticas.
- Programa de mobilidade especial Galicia-Norte de Portugal, entre as universidades de Galicia e as do Norte de Portugal para a incrementar e incentivar a mobilidade de estudantes e docentes na área estratéxica transfronteiriza.
- Refórzase a cooperación académica e de mobilidade coas universidades portuguesas na estratexia de reforzar a eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- Incremento dos convenios bilaterais con Asia en 2014/2015 e 2015/2016 (especificamente, Corea, China, Australia). Incremento dos convenios con USA para programa bilateral de estudantes (concretamente en Dereito e ADE).
- Participación en 2015 en proxectos especiais de mobilidade: Erasmus Mundus Tempo; 4 Intensive Programs Erasmus; Erasmus + Key 2; Tempus IV Rethink.

Obxectivo estratéxico 3: mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria

3.1 Facilitar e impulsar a formación en idiomas de toda a comunidade universitaria

3.2 Fomentar a acreditación lingüística de alumnado e profesorado

3.3 Apoiar e motivar o profesorado que imparte docencia en inglés

- Mantense a oferta de todos os cursos, tanto en niveis como idiomas, do Centro de Linguas
- O Centro de Linguas acometerá en 2015 a implantación do exame CertAcles para o nivel B2 de inglés e a renovación da acreditación como centro examinador do nivel B1 de francés e inglés, para o bienio 2016-2017.
- En conxunción coa VRIC, traballarase para potenciar a obtención desta certificación por parte dos estudantes da UDC, pois agora conta co recoñecemento oficial de CERCLES, que lle dá validez en máis de 300 universidades europeas.
- Na liña da progresiva esixencia de idiomas para os estudantes da UDC que participen en programas de mobilidade internacional, implantaranse requisitos lingüísticos para os programas que se desenvolvan en italiano e portugués.
- Modificación do Regulamento de mobilidade internacional para equiparar as esixencias lingüísticas dos programa de mobilidade internacional UDC coas do programa de libre mobilidade.
- Segue a aplicación do desconto docente de 25 horas por materia e da preferencia destes docentes nas convocatorias de mobilidade de profesorado.
- Acción específica de axuda á mobilidade docente para os profesores incluídos dentro da convocatoria de Axudas á internacionalización para 2015.
- Cursos de estratexia de docencia en inglés coa colaboración do CUFIE.
- Programas específicos de apoio lingüístico en cada centro que ten programa de docencia en inglés.
- Programa de Apoio Lingüístico reforzado e con máis accións para os profesores que imparten docencia en inglés, coa colaboración do Departamento de Inglés da UDC.

- Aprobación do Plan de Calidade da Docencia en inglés na UDC, cuxo obxectivo é avaliar os programas de docencia en inglés que xa se teñen implantados, cara á consecución da máxima calidade docente.

FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

Obxectivo estratéxico 1: unha captación de recursos proactiva e uns ingresos diversificados

1.1 Impulsar o papel do Consello Social como enlace da universidade coa sociedade, as empresas e todas as institucións

1.2 Mellorar a xestión da investigación e a transferencia

1.3 Valorizar a tecnoloxía, os espazos e as instalacións existentes para o seu uso externo

1.4 Potenciar e promover a imaxe da UDC

- Diseñar actividades de diferentes perfís para o 25 aniversario para presentar á cidadanía os diferentes aspectos do desempeño universitario.
- Uso de novas tecnoloxías para simplificar e axilizar a xestión da investigación por procedementos electrónicos.
- Inclusión dos contratos e e subvencións xestionados pola OTRI no módulo de investigación de SOROLLA para ter unha visión e unha xestión integrais da investigación e a transferencia.

Obxectivo estratéxico 2: unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos

2.1 Xeneralizar e sistematizar a medición do uso e da distribución dos recursos dispoñibles

2.2 Vincular a asignación de recursos de centros e servizos ao cumprimento de obxectivos

2.3 Afondar no uso das novas tecnoloxías para a xestión e a administración

2.4 Fomentar a mellora das actividades de xestión e administración

2.5 Racionalizar os procesos de contratación e compra de subministracións

2.6 Preservar o bo funcionamento da infraestrutura existente

- Implantar a Contabilidade Analítica. Obtención de datos para os primeiros exercicios de proba.
- Desenvolver un grupo estable para o deseño dos procedementos electrónicos de xestión económica.
- Unha vez implantada a Sede Electrónica e o rexistro electrónico en liña no ano 2014 cómpre pór os procedementos de xestión automatizados da solicitude de certificacións.
- Desenvolver unha ferramenta de xestión curricular dos departamentos, grupos e unidades de investigación e a súa xestión polo persoal administrativo.
- Implantar un sistema de seguimento dos proxectos e contratos de investigación polos IP destes.
- Apoiar o desenvolvemento do catálogo de procedementos desenvolvidos nas UADI como unidades administrativas dos departamentos.
- Desenvolver e implantar unha plataforma institucional de xestión das titorías.
- Implantar o rexistro electrónico de facturación.
- Implantar sistemas de control económico de convenios, contratos e axudas de investigación.

- Definir os criterios de uso da poxa electrónica na compra pública. Uso sistematizado do procedemento.
- Plans de formación do persoal en contabilidade analítica, financeira e xestión e administración electrónica.
- Plan de formación do persoal en procesos que melloren as actividades de xestión e administración especialmente os relativos a adaptación á administración electrónica.
- Transformar os actuais contratos de mantemento en programas plurianiais de mantemento e renovación tecnolóxica das infraestruturas da rede wifi.
- Transformar os actuais contratos de mantemento en programas plurianiais de mantemento e renovación tecnolóxica das infraestruturas da rede de comunicación.

Obxectivo estratéxico 3. unha comunidade identificada coa institución

3.1 Propiciar un ambiente de estudo e de traballo positivo, seguro, saudable e estimulante.

3.2 Renovar o compromiso co desenvolvemento profesional das persoas que traballan na UDC.

3.3 Impulsar a participación e a identidade universitaria do estudantado.

3.4 Promover a xestión e o uso responsable dos recursos comúns.

- Desenvolver a participación da UDC na Rede Española e Internacional de Universidade Saudables.
- Realizar unha campaña dirixida á comunidade universitaria para achegar pautas de comportamento que permitan o aforro de recursos, con especial fincapé nos recursos enerxéticos e naturais.
- Diseñar actividades diversas para lograr implicar a todos os axentes da universidade na celebración do 25 aniversario da UDC.